



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

ACORDO do 19 de decembro do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Vilalba. (Expediente IN 407A 2023/180-ATE).

Con data 12 de xuño de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou Resolución de autorizacións administrativas previa e de construción, e recoñeceu, en concreto, a utilidade pública da instalación eléctrica denominada nova LAT 20 kV Atrio e ampliación da LAT 20 kV Muras 2, no concello de Vilalba.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Vilalba, deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 18 de xuño do 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 26 de xuño do 2025, para que comparezan o día **10 de marzo do 2026 no Concello de Vilalba** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Vilalba estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 19 de decembro de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Exp.: nova LAT 20 kV Atrio e ampliación da LAT 20 kV Muras 2 (IN 407A 2023/180-ATE)

Concello: Vilalba

Nº finca	Pol.	Parc.	Ref. Catastral	Paraxe	Cultivo	Titular proposto	Data Actas	Hora
3	40	207	27065A04000207	Vilar de Paraños	Prado	Hros de Jerónimo Fernández Carreiras	10.03.2026	10.00 h.

R. 0002

CONCELLOS**GUITIRIZ***Anuncio***Procedemento alleamento ben patrimonial municipal. Expte. 641/2025**

Visto o acordo de Xunta de Goberno Local do Concello de Guitiriz de data 17/12/2025 na que se acorda a aprobación do procedemento de alleamento da parcela municipal do parque empresarial de Guitiriz que se describe a continuación:

PARCELA Nº: P. 49-50

SUP. CATASTRAL (m2): 2.942 m2

SUP. EDIFICABLE (M2): 4.413 M2

USO: Terciario

PROPIEDAD: Concello

REFERENCIA CATASTRAL: 7221938NH8872S0001AF

O procedemento rexerase nos termos establecidos nos Pregos de Cláusulas Administrativas obrantes no expediente.

Concederase un prazo dun mes dende o día seguinte a publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Guitiriz sito na Plataforma de Contratación do Sector Público para a presentación de ofertas por medios electrónicos na devandita Plataforma.

Guitiriz, 18 de decembro de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3590

PORTOMARÍN*Anuncio*

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da “ORDENANZA REGULADORA DA OCUPACION DE VIA PUBLICA COA INSTALACION MAQUINAS EXPENDEDORAS E CAIXEROS AUTOMATICOS EN FACHADA, TERRAZAS DE HOSTELERIA E OUTROS ELEMENTOS AUXILIARES, CON FINALIDADE LUCRATIVA”. A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 06 de novembro de 2025 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 259 do 11 de novembro de 2025, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**CAPITULO I: DISPOSICIONS XERAIS**

Artigo 1. Obxeto.

Artigo 2. Definicións.

Artigo 3. Prohibicións.

Artigo 4. Beneficiarios.

CAPÍTULO II: DO PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA, RENOVACIÓN, EXTINCIÓN, MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN/LICENZAS, AUTORIZACIÓNS E HORARIOS E PERIODOS DE OCUPACIÓN

Artigo 5. Licenza de ocupación.

Artigo 6. Competencia para outorgar as autorizacións.

Artigo 7. Actividades excluídas.

CAPÍTULO III: CONDICIONS TECNICAS DE INSTALACION, DE USO E DE MANTEMENTO

Condições hixiénico-sanitarias

Artigo 8. Limpeza, hixiene e ornato.

Condições técnicas e estéticas das instalacións

Artigo 9. Prohibición de publicidade.

Artigo 10. Módulos

Artigo 11. Requisitos de ocupación.

Artigo 12. Horarios.

Artigo 13. Máquinas expendedoras en fachadas e caixeiros automáticos.

Artigo 14. Excesos de superficie ou anchura perimetral.

Artigo 15. Anclaxes ou instalacións eléctricas.

Artigo 16. Música.

Artigo 17. Materiais.

CAPÍTULO IV: REXIME XURIDICO DAS AUTORIZACIÓNS

DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 18. Titularidade das licenzas.

Artigo 19. Suxeición do titular as obrigas.

Artigo 20. Garantías.

DEREITOS E OBRIGAS DOS TITULARES DAS LICENZAS

Artigo 21. Exercicio de actividades propias.

Artigo 22. Adecuación do espacio ocupado.

Artigo 23. Limpeza, seguridade e ornato.

Artigo 24. Responsabilidade por danos a bens públicos.

Artigo 25. Responsabilidade por danos a persoas ou cousas.

Artigo 26. Conservación e réxime fiscal.

Artigo 27. Documento acreditativo do permiso.

Artigo 28. Suxeición á normativa aplicable.

PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS

Artigo 28. Procedementos aplicables.

Artigo 29. Recursos.

Artigo 30. Solicitude de autorización de ocupación da vía pública con terrazas de hostelería, e efectos.

Artigo 31. Resolución.

Artigo 32. Vixencia.

Artigo 33. Solicitude de autorización de ocupación da vía pública coa colocación de máquinas automáticas expendedoras ou caixeiros automáticos e outras ocupacións extraordinarias.

Artigo 34. Resolución e vixencia.

EXTINCTION DAS LICENZAS

Artigo 35. Formas de extinción.

Artigo 36. Caducidade.

Artigo 37. Resolución e revocación da licenza.

Artigo 38. Efectos da extinción.

RÉXIME SANCIONADOR**INFRACIÓNS**

Artigo 39. Infraccións.

Artigo 40. Infraccións leves.

Artigo 41. Infraccións graves.

Artigo 42. Infraccións moi graves.

SANCIÓNS

Artigo 43. Sancións.

Artigo 44. Competencia para impoñer as sancións.

DEFENSA DOS CONSUMIDORES

Artigo 45. Suxeición á normativa de consumo, follas de reclamacións e lista de prezos.

Artigo 46. Pago das multas.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS****DISPOSICIÓN FINAL****ANEXO I****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A instalación de terrazas de bares, cafeterías, restaurantes, etc. na vía pública veuse regulando ata o de agora coa ordenanza fiscal reguladora da tasa por ocupación de terreos de uso municipal con mesas, sillas e elementos auxiliares con finalidade lucrativa aprobada por a corporación en pleno de data 05-04-2010, visto a antigüidade da norma e preciso actualizar e adaptar a mesma a nova normativa de aplicación.

Esta ordenanza pretende tratar de resolver as deficiencias da anterior e dar resposta as novas suxerencias e demandas dos usuarios e facer compatible a convivencia entre vehículos, peóns e terrazas sin minorar a protección estética e calidade ambiental da nosa vila.

CAPITULO I: DISPOSICIONS XERAIS**Artigo 1. Obxeto.**

Esta ordenanza ten por obxeto establecer o réxime xurídico e técnico ao que se debe someter ás instalacións de terrazas en terreos particulares de dominio público. Con excepción dos recintos de feiras e festexos populares que se autoricen por parte do Concello de Portomarin.

Artigo 2. Definicións.

Aos efectos desta ordenanza enténdese por terraza as instalacións formadas por mesas, cadeiras, antucas, parasoles e/ou toldos, xardineiras e outros elementos auxiliares que desenrolan a súa actividade de forma anexa ou accesoria a un establecemento principal de bar, cafetería, bar-restaurant, taberna, chocolatería, pastelería, hotel, pensión, albergue, etc..... Só poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

Artigo 3. Prohibicións.

Con carácter xeral, as instalacións ás que se refire a presente ordenanza respectarán as prescricións establecidas en canto a súa ubicación, réxime de distancias e protección do entorno urbano, non permitíndose colocar elementos non autorizados. O mobiliario e os elementos decorativos que se instalen, tanto en terreos de dominio público como privados, axustaranse ás prescricións técnicas contidas neste regulamento.

Artigo 4. Beneficiarios.

Poden ser beneficiarios das autorizacións os titulares dunha licenza de actividade outorgada polo Concello.

CAPÍTULO II: DO PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA, RENOVACIÓN, EXTINCIÓN, MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN/ LICENZAS, AUTORIZACIÓNS E HORARIOS E PERIODOS DE OCUPACIÓN**Artigo 5. Licenza de ocupación.**

O uso especial do dominio público mediante terrazas e demais ámbito material sinalado no artigo 2 queda suxeito ao outorgamento dunha licenza municipal de acordo co previsto neste texto e demais normativa de aplicación.

Artigo 6. Competencia para outorgar as autorizacións.

As licenzas para a ocupación do dominio público municipal serán outorgadas polo alcalde do Concello, que poderá delegar esta facultade de acordo co que dispoñía a normativa básica sobre réxime local.

Sen perxuizo da autorización concedida a Autoridade competente poderá modificar as condicións de uso, temporalmente e por razóns de orde público ou de circunstancias especiais do tráfico, sen máis procedemento que o aviso con suficiente antelación ao titular da licenza, xustificando a medida adoptada e tendo en conta que a medida limitarase ao mínimo tempo posible, segundo as circunstancias excepcionais que a motiven.

As solicitudes de ocupación da vía pública para as actividades obxecto deste regulamento poderán ser denegadas pola administración por razóns específicas de seguridade viaria ou implantación ou modificación de servizos públicos, casos nos que tamén estará xustificada a revogación da licenza concedida sen dereito a ningunha indemnización. Do mesmo xeito, poderá requirirse a retirada temporal das terrazas con motivo de eventos ou obras municipais, polo tempo que sexa necesario, sen dereito a indemnización.

Xustificárase a denegación do permiso cando a instalación resulte inaxeitada ou discordante co entorno, ou dificulte o paso de peóns.

O incumprimento das prescricións contidas nesta ordenanza dará lugar á caducidade da licenza.

Artigo 7. Actividades excluídas.

Quedan exentas da aplicación das previsións deste regulamento a actividades puntuais e de reducida duración, tales como eventos festivos, concentracións lúdicas ou deportivas e semellantes, que se rexerán pola súa propia normativa para a obtención dos correspondentes permisos para a súa celebración.

CAPÍTULO III: CONDICIONS TECNICAS DE INSTALACION, DE USO E DE MANTEMENTO**Condicións hixiénico-sanitarias****Artigo 8. Limpeza, hixiene e ornato.**

Os titulares das terrazas teñen a obriga de mantelas nas debidas condicións de limpeza, hixiene, seguridade e ornato. Deberán adoptar as medidas necesarias para manter a terraza e o seu ámbito nas debidas condicións hixiénicas, garantindo que a zona ocupada quede totalmente limpa a diario, retirando puntualmente os residuos que puidesen producirse utilizando os correspondentes elementos de recollida e almacenamento de residuos.

Non se permitirá almacenar ou amorear produtos ou materiais xunto a terrazas, nin tampouco os residuos propios das instalacións.

Transcorrido o horario de peche a terraza deberá ser completamente retirada da vía pública.

Queda prohibido o uso de vaixelas e cuberterías desbotables para o servizo das mesas.

Condicións técnicas e estéticas das instalacións**Artigo 9. Prohibición de publicidade.**

Queda prohibida a publicidade en todos os elementos que compoñan as terrazas, quedando autorizada expresamente só a publicidade do propio establecemento en toldos e sombrillas coa limitación dun espazo máximo de 10 cm. de ancho e 20 de longo en cada un dos elementos para os toldos e 5 cm. de ancho e 10 de longo para as sombrillas. Esta medida será de aplicación para terrazas de nova implantación ou no momento de adquirir un novo mobiliario para as terrazas xa autorizadas en anos anteriores.

Tampouco levarán publicidade os elementos complementarios á actividade (gardapanos, cinceiros de sobremesa...) que, unicamente, poderán conter o nome e/ou actividade do establecemento.

Así mesmo, cando nas terrazas se proceda á instalación de papeleiras, xardineiras, separadores de ambiente, cinceiros de pé, ou outros análogos, estes non poderán levar publicidade de ningún tipo, debendo adaptarse ás características do resto do mobiliario a utilizar.

Artigo 10. Módulos

O módulo tipo está constituído por unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas. Considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada terraza de 1,80 x 1,80 metros.

Autorizaranse tamén os seguintes módulos:

- a) Unha mesa e dúas cadeiras de 1,80 x 0,80 metros, que pode, reducirse a 1,80 x 0,60 cando a estreitura do espazo ou aconselle sempre que se deixe libre ou paso mínimo para peóns de 1,20 metros.
- b) Un módulo de 1,20 x 1,80 cunha mesa rectangular e catro cadeiras, con dous cadeiras a cada lado longo da mesa.

c) Unha mesa alta con catro banquetas, de 1,20 x 1,20 metros cadrados. Poderá substituírse a mesa alta por un barril tradicional de madeira e aros de forxa.

d) Unha mesa alta con dous banquetas, de 1,20 x 0,60.

Artigo 11. Requisitos de ocupación.

As instalacións de hostelería que estean incluídas no ámbito de aplicación deste texto deberán cumprir as seguintes condicións:

a) O corredor mínimo para paso será como mínimo de 150 cm. libres de obstáculos, co fin de facilitar a mobilidades de persoas con discapacidades físicas e/ou deficiencias visuais, carritos de bebés e a circulación de peóns. Non se autorizarán instalacións en beirarrúas cunha anchura inferior a 210 metros.

No obstante ao anterior, o concello mediante acordo plenario ou por Resolución dictada polo Sr. Alcalde (previo acordó favorable da Xunta de Goberno Local) poderá autorizar en casos excepcionais, atendendo a razóns de oportunidade turística, social... a instalación de terrazas coa tipoloxía específica, con dimensións inferiores as contidas na presente ordenanza, previa solicitude e xustificación da medida excepcional, tendo en conta o establecido na Orde de 1 de febreiro de 2010, polo que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

b) A terrazas que estean adosadas á fachada dun edificio todo o seu perímetro estará comprendido dentro da superficie ocupada polo local de hostelería, fronte da súa fachada, deixando libres 0,50 cms de cada un dos laterais con cada colindante; se ben poderá ampliarse ata o citado límite máximo previo consentimento por escrito dos veciños colindantes afectados que deberá achegarse ao expediente administrativo da autorización, e sempre e cando non existan espazos que deban quedar necesariamente libres polo medio, conforme ó disposto nesta ordenanza. Igualmente caberá, previa autorización da propiedade contigua ao local de hostelería a colocación, dentro da lonxitude máxima establecida na presente ordenanza, a colocación de terrazas diante do fronte de locais contiguos ao do titular da autorización. A autorización neste caso, igual que no anterior, deberá acompañar á solicitude que se presente.

c) Non poderán instalarse elementos de mobiliario das terrazas que resten visibilidade a outros establecementos, non podendo ocupar porcións de terreo diferentes das sinaladas.

d) En todo caso, deberán deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata:

- 1) Os accesos a inmobles e o do propio establecemento, que terán un paso mínimo de 1.50 metros
- 2) Os accesos a garaxes.
- 3) As entradas a galerías visitables.
- 4) As bocas de rego.
- 5) Os hidrantes.
- 6) Os rexistros de sumidoiros.
- 7) As saídas de emerxencia.
- 8) As paradas de transporte regularmente establecidas.
- 9) Os aparatos de rexistro e control do tráfico.
- 10) As destinadas a operacións de carga e descarga.
- 11) As situadas en pasos de peóns.
- 12) As paradas de autobuses e taxis.

En ningún caso poderá colocarse elemento ningún de mobiliario que dificulte a entrada e saída en vados permanentes de paso de vehículos, debidamente autorizados e sinalizados, nin poderán impedir os xiros e maniobras de vehículos nin a visibilidade das sinais de tráfico.

e) Deberáanse colocar papeleiras e cinzeiros suficientes na terraza para os usuarios da mesma.

f) A terraza en ningún caso creará problemas de accesibilidade nin entorpecerá actividades, entradas ou saídas dos colindantes, entre outros.

g) Non se permitira ningunha clase de obras de fábrica ou albanelería sobre as zoas de dominio público que incumplan as prescricións da presente ordenanza. Non poderán realizarse instalacións de mobiliario distintas das expresamente autorizadas.

h) En ningún caso poderá instalarse na vía pública nin na beirarrúa, nos estacionamentos ou na calzada aparellos de cociña que provoquen fumes ou cheiros tales como barbacoas, parriñas, etc, salvo dispensa expresa da Alcaldía en casos excepcionais debidamente solicitados, en períodos de festas, que non poderá superar os 3 días.

i) Permítese o peche lateral da terraza con elementos traslúcidos e recoméndase o uso de separadores, cunha altura máxima de 1,80 metros sempre e cando sexan diáfanos ou realizados con material transparente, e toldos móbiles.

j) Queda absolutamente prohibida a instalación de billares, futbolines, máquinas recreativas, de azar, expendedoras de bebidas, grelladas, barras de servizo, e de calquera outro tipo análogo, nas terrazas obxecto de regulación na presente ordenanza.

k) Así mesmo queda prohibida a instalación de calquera clase de aparellos reprodutores de imaxe e son, así como a celebración de espectáculos ou actuacións musicais, agás autorización municipal expresa.

l) O material do mobiliario que ocupe a superficie autorizada poderá ser de aluminio, Madeira arpillaría ou similares en calidades, evitando materiais plásticos de baixa calidade e de natureza fráxil con exceso de propaganda comercial. O mobiliario disporá de protección plástica ou semellante para evitar a xeración de ruídos no manexo. O Concello determinará tamén os modelos de toldos que poderán ser instalados, e neste caso tanto o voo como o pé de apoio deberán quedar dentro da superficie autorizada. Igualmente establecerase para os restantes elementos de mobiliario autorizados.

m) O concello, a través do servizo municipal competente podrá ditar as normas complementarias que estime oportunas por razóns de tráfico, en desenvolvemento desta Ordenanza, modificando incluso as dimensións das terrazas.

Artigo 12. Horarios.

O horario de ocupación da superficie pública autorizado será o que corresponda coa licenza de apertura do negocio de hostelería titular do permiso, de acordo coas disposicións sobre apertura e peche de establecementos públicos emitidos polas administracións competentes.

En ningún caso se poderá facer uso da instalación da terraza fóra do horario permitido, nin deixar o mobiliario constitutivo dela no exterior do recinto fóra dese horario. O incumprimento deste precepto, xunto coa revogación da licenza, poderá dar lugar á instrución dun procedemento sancionador.

Artigo 13. Máquinas expendedoras en fachadas e caixeiros automáticos.

As taquillas expendedoras de billetes para a entrada en espectáculos públicos, aparatos de venda automática, mostradores de bares, cafés e establecementos similares que permitan expedir consumicións ao público estacionado nas beirarrúas estarán suxeitas ás obrigas fiscais establecidas na ordenanza fiscal correspondente, polo beneficio que obteñen do uso do dominio público, ou a intensidade de uso que implica a actividade.

As entidades bancarias ou locais comerciais que dispoñan de caixeiros automáticos quedarán suxeitas ás obrigas fiscais do mesmo xeito que as actividades sinaladas no apartado anterior, por constituir unha intensidade na utilización do dominio público superior á que poida estimarse como normal ao fomentar o estacionamento do público nas beirarrúas.

Artigo 14. Excesos de superficie ou anchura perimetral.

Queda prohibido o exceso na ocupación da superficie marcada na licenza municipal, así como o exceso na anchura do perímetro da terraza, salvo autorización expresa dos titularles dos espazos colindantes (tanto se son locais comerciais como se non), que deberá achegarse ao expediente administrativo da autorización.

Artigo 15. Anclaxes ou instalacións eléctricas.

Queda prohibido fixar o mobiliario das terrazas mediante anclaxes no pavimento das calzadas ou beirarrúas.

A instalación de aparatos eléctricos, deberá ir expresamente na solicitude e cumprir as prescricións legais que se requiren para una instalación deste tipo no exterior. Non obstante no caso de existir iluminación debe ser tenue de baixa intensidade.

Queda prohibida o pintado das rúas e beirarrúas delimitando a zoa de terraza.

Artigo 16. Música.

Prohíbese celebrar espectáculos ou actuacións musicais salvo autorización expresa do Concello, e, en xeral, producir sons amplificados nas terrazas.

Artigo 17. Materiais.

Os materiais do mobiliario de que se sirva para facer a ocupación, tanto das mesas e cadeiras como dos separadores e parasoles, serán

Mesas e cadeiras

Con carácter xeral as mesas e cadeiras deberán reunir unhas características que se entendan axeitadas para a súa función, de forma que todas elas sexan amontoables, de material resistente, de doada limpeza e de boa calidade. Tamén serán do material menos ruidoso posible. Deberán harmonizar entre si en cromatismo, material e deseño, axustándose ás seguintes características:

- a) Serán de material resistente, de doada limpeza e boa calidade.
- b) Non se permitirá que o mobiliario sexa integramente de material de plástico.
- c) Os materiais de mesas e cadeiras poderán ser a madeira, o tecnoploímero, o rattan sintético, a resina ou vimbo preferentemente, combinados se cabe con aluminio, polipropileno ou fibra de vidro (Ver algún exemplos en ANEXO).
- d) Os tonos preferentes para as cadeiras serán o negro, a cor madeira ou verde escuro. No caso das tapas das mesas serán o marfil, o gris ou a cor madeira. (Ver algún exemplos en ANEXO).
- e) As cadeiras non poderán ser do tipo pregables.

Parasoles, sombrillas e toldos enrolables a fachada.

Serán de material téxtil, liso e dunha soa cor, debendo usarse preferentemente os tons verde escuro de xeito unicolor (Ver algún exemplos en ANEXO).

- a) Poderá autorizarse un máximo dunha sombrilla por mesa.
- b) As sombrillas/parasoles en ningún caso poderán sobresaír do espazo de ocupación autorizado nin suporán, pola súa altura, perigo para os peóns. Os devanditos elementos haberán de ser de estrutura resistente e segura para as persoas.
- c) As sombrillas/parasoles terán sempre a posibilidade de seren recollidos mediante unha doada manobra para o que o seu soporte terá que ser lixeiro e desmontable. Queda prohibido o pechamento das superficies verticais do seu perímetro.
- d) As instalacións de parasoles e sombrillas só poderán autorizarse sen ancoraxes ao pavimento.

As condicións dos toldos de fachada estarán regulados nos Plans de Ordenación Urbana e a súa instalación requirirá o informe previo favorable dos Servizos Técnicos Municipais e a solicitude das correspondentes licenzas urbanísticas. As barras dos devanditos toldos estarán a unha altura mínima de dous metros sobre a beirarrúa no punto máis desfavorable.

Celosías e biombos

O espazo destinado á ocupación de terraza, poderá ser delimitado por medio de celosías caladas e/ou biombos ou proteccións perimetrais de material transparente. Poderase instalar moqueta ou tarima co ánimo de protexer o chan ocupado, sempre e cando fose solicitado, e autorizado polo Concello, debendo manter diariamente as condicións de hixiene e ornato destes. No caso de biombos ou proteccións perimetrais de material transparente deberán cumprir a normativa sectorial vixente e, polo tanto, deberán incorporar elementos que garantan a súa detección para o que deberá ser sinalizado con algún tipo de distintivo (exceptuando publicidade), de cor viva e contrastada co fondo propio do espazo situado detrás do vidro e abranguendo toda a anchura da superficie vidrar a unha altura comprendida entre 0,85 m e 1,80 m. Estas regulacións de sinalización poderanse obviar cando a superficie do vidro conteña outros elementos que garantan suficientemente a súa detección.

Outros elementos

Poderán instalarse papeleiras, xardineries, macetas ou outros elementos ornamentais en consonancia co mobiliario escollido.

Non se permitirán contenedores ou bombonas en lugares visibles no acceso aos establecementos e ás súas terrazas. De ser o caso terían que ser cubertos con estruturas acordes ao mobiliario e en consonancia coa realidade arquitectónica do entorno.

O Concello poderá esixir que o mobiliario se axuste a determinadas características estéticas e de uniformidade entre os diversos establecementos, en consonancia coa realidade arquitectónica do ámbito.

CAPÍTULO IV: REXIME XURIDICO DAS AUTORIZACIÓNS

DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 18. Titularidade das licenzas.

As licenzas obxecto da regulación desta ordenanza outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade, e sen prexuízo de terceiro.

A licenza outorgarase, no caso de ocupacións da vía pública con terrazas, a quen obstea a titularidade da licenza de apertura do establecemento que linde co espazo exterior que se pretenda ocupar. Nos demais casos, á persoa física ou xurídica que o solicite.

No caso do pasamento do titular, subrogaranse na licenza os herdeiros, sempre que se manteña a licenza para a actividade do establecemento e a terraza. A subrogación deberá ser solicitada, e o interesado achegará a documentación que acredite a súa condición de herdeiro e xustificar o cambio de titularidade da licenza para a actividade do establecemento anexo á terraza.

Queda prohibido o arrendamento ou subarrendamento da licenza de ocupación da vía pública para actividades de hostelería, así como a súa cesión directa ou indirecta, total ou parcial.

Artigo 19. Suxeición do titular as obrigas.

O titular da licenza quedará obrigado diante da administración municipal a cumprir as obrigas que se deriven do seu outorgamento. O incumplimento das condicións fixadas implicará a caducidade das concesións.

Artigo 20. Garantías.

Facultativamente, cando a administración así o considere, para otorgar calquera das licenzas obxecto desta Ordenanza, no caso de que concurran circunstancias que fagan presumir a posibilidade de causar danos en bens públicos, requirirase aos interesados para constituir unha garantía polo importe que se sinala para asegurar a correcta execución das obras de instalación dos elementos de ocupación no deominio público, o cumprimento das obrigas impostas nesta ordenanza e a reposición do demanio ao seu estado correcto.

A garantía constituirase con carácter previo a que se dicte a resolución que outorgue a licenza, e a falta de constitución representará, en todo caso, unha causa de caducidade da autorización.

Cando rematen os efectos do permiso, a garantía restituírase ao interesado, previo informe favorable dos servizos municipais.

DEREITOS E OBRIGAS DOS TITULARES DAS LICENZAS

Artigo 21. Exercicio de actividades propias.

Con carácter xeral, o titular dunha licenza terá o dereito a exercer as actividades no seu propio termo, con suxección ás condicións establecidas no título administrativo e ás disposicións desta Ordenanza.

Artigo 22. Adecuación do espazo ocupado.

Corresponderá ao titular da licenza a instalación dos elementos para realizar a ocupación e a levar a cabo as obras necesarias para exercer as actividades autorizadas, con suxeición ao contido da licenza e ás instrucións dictadas polos servizos técnicos municipais.

No caso de precisalo, corresponderá ao titular da licenza a subscripción dos correspondentes contratos de subministración de servizos ante as compañías subministradoras dos servizos de auga ou enerxía eléctrica. Estas empresas terán que acreditar que o titular disponía da correspondente licenza municipal para poder prestar o subministro. As conduccións de servizos, cando estean xustificadas, precisarán a autorización previa do Concello, realizaranse fomentando a máxima seguridade da instalación, e de acordo coas instrucións dos servizos técnicos.

Artigo 23. Limpeza, seguridade e ornato.

Será obriga dos titulares das licenzas de terrazas a de mantelas nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Para estes efectos, será requisito indispensable para o titular da instalación dispoñer dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento dos residuos.

Non se permitirá almacenar ou apilar produtos ou materiais xunto ás terrazas, así como residuos propios das instalacións, tanto por razóns estéticas como de hixiene.

Con carácter xeral non se permitirá o acopio do mobiliario de terraza na vía pública cando non estea en uso, agás na tempada de verán ou en épocas que por desenvolverse en períodos vacacionais teñan a consideración xeral de tempada alta, con bonanza do tempo atmosférico. Nestes casos o mobiliario deberá deixarse perfectamente suxeito e situado pegado a fachada do local de hostelería, e evitando que entorpeza o uso da vía pública polos viandantes.

Cando estea o mobiliario da terraza acopiado na vía pública no caso descrito no apartado anterior queda terminantemente prohibido a suxeición ou amarre deste a elementos de mobiliario público urbano, sinais de tráfico, árbores ou instalacións públicas. Facelo así suporá a comisión dunha infracción administrativa ás disposicións da presente ordenanza e dará lugar á apertura do correspondente procedemento sancionador.

Artigo 24. Responsabilidade por danos a bens públicos.

Unha vez extinguida a autorización, os titulares das licenzas reguladas nesta Ordenanza responderán polos danos que se causen nos elementos de dominio público ou no mobiliario urbano que resultaren afectados pola actividade desenvolvida. Se o titular non cumpre esta obriga, o Concello poderá facela efectiva á súa costa, e o titular quedará inhabilitado para obter sucesivas autorizacións, polo prazo mínimo de dous anos e máximo de cinco.

Artigo 25. Responsabilidade por danos a persoas ou cousas.

Os titulares das licenzas reguladas nesta Ordenanza serán responsables dos danos ocasionados ás persoas ou cousas con motivo da instalación das terrazas e ocupacións extraordinarias, así como na retirada dos elementos e durante o período de vixencia das licenzas. Os titulares estarán obrigados a reparar os danos e

prexuízos derivados directa ou indirectamente do exercicio das distintas actividades tanto ás administracións como ós particulares.

Artigo 26. Conservación e réxime fiscal.

Os titulares das licenzas serán responsables do mantemento e conservación axeitados das súas instalacións.

Os titulares das licenzas deberán facer o pagamento das exaccións fiscais que correspondan polas actividades descritas neste regulamento e de conformidade coas ordenanzas fiscais que sexan de aplicación.

Artigo 27. Documento acreditativo do permiso.

O titular da licenza deberá ter en todo momento á disposición dos axentes da autoridade o título habilitante para exercer a actividade, no que constarán a superficie e o mobiliario autorizado e o sistema de ubicación.

Artigo 28. Suxeición á normativa aplicable.

É obriga xeral dos titulares de todas as licenzas regulamentadas na presente ordenanza cumprir as obrigas derivadas da normativa xeral ou sectorial de aplicación en cada caso.

PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS

Artigo 29. Procedementos aplicables.

As licenzas reguladoras do ámbito material da presente ordenanza tramitaranse de acordo co previsto na lexislación de réxime local e do procedemento administrativo común. A unidade administrativa encargada da tramitación destes procedementos recabará os informes técnicos ou policiais que estime precisos para a resolución.

Artigo 30. Recursos.

O réxime de recursos contra os actos dos órganos municipais, sobre os materiais regulados na presente ordenanza, axustarase ás disposicións xerais da lexislación do réxime local.

Artigo 31. Solicitud de autorización de ocupación da vía pública con terrazas de hostelería, e efectos.

A solicitud dos interesados presentarse no Rexistro de entrada municipal, ou a través de calquera dos medios recoñecidos, no modelo normalizado que se facilitará pola administración.

Poderase conceder autorización para a instalación de terrazas fora das datas indicadas cando obtiveran a licenza de apertura con posterioridade a esa data e así sexa acreditado.

Por razóns de interese público poderán modificarse a instancia do solicitante as condicións da autorización previamente concedida.

A instalación non poderá realizarse ata que a autorización sexa debidamente notificada ao solicitante.

A solicitud antedita virá acompañada da seguinte documentación:

- a) Unha descripción polo miúdo dos elementos que se pretenden instalar na terraza.
- b) A licenza de actividade a funcionamento do establecemento.
- c) Un plano a escala axeitada da terraza, ou croquis de situación, onde se coloquen os elementos do mobiliario, e se especifique o seu número e situación. Neste documento sinalaranse o número de metros cadrados que se pretenden ocupar.
- d) Unha memoria explicativa na que se indique o tipo de mobiliario que se vai instalar, así como as necesidades do número e colocación dos mobles en relación coa actividade que se vai realizar. Na mesma aportarase unha fotografía ou debuxo dos deseños a utilizar, a modo de croquis dos alzados dos elementos a instalar.
- e) No caso de que o emprazamento proposto sexa de dominio privado, unha autorización escrita do propietario acreditado desta superficie.
- f) Se emprazamento solicitado excede da anchura da fachada do local de hostelería e invade as fronteiras dos locais de hostelería ou espazos limítrofes, unha autorización dos titulares dos espazos privados invadidos.
- g) Certificado de tesourería municipal de atoparse ao corrente das obrigas tributarias municipais.
- h) Xustificante do seguro de responsabilidade civil polos posibles danos sufridos polos ocupantes das terrazas, viandantes, vía pública e mobiliario urbano por un importe mínimo de 30.000,00 euros.
- i) Datos catastrais do establecemento.
- j) Xustificante de abono da taxa correspondente baixo réxime de autoliquidación ou certificado de exención ou bonificación se cabe.
- l) Autorización ou informes favorables sectoriais, se son precisos.

Artigo 32. Resolución.

A resolución que poña fin ao procedemento terase que dictar e notificar no prazo de dous meses, contados dende a data da presentación da solicitude no rexistro do Concello. Non poderá realizarse a instalación en tanto non se conceda a licenza.

Sen prexuízo da obriga de resolver, a falta de contestación no prazo establecido no apartado anterior, considerarase desestimación presunta para os efectos de interpor os correspondentes recursos.

Artigo 33. Vixencia.

As licenzas outorgaranse por meses naturais e entenderanse tacitamente prorrogadas durante os meses seguintes aos da súa concesión cando nin o Concello nin o interesado comuniquen por escrito a súa vontade contraria á prórroga, previo abono da taxa correspondente neste suposto.

O disposto no apartado anterior non impedirá a facultade da administración de resolver ou revogar a licenza, ou a caducidade da mesma, de acordo co disposto nesta Ordenanza.

O feito de ter sido titular dunha licenza en situacións anteriores non xera para o interesado dereito ningún en posteriores peticións.

Caducada unha licenza, o titular terá que deixar libre o espazo ocupado e retirar os elementos instalados, e repór o espazo ao seu estado original no prazo máximo de tres días.

No suposto de que o titular da licenza pretenda modificar as características físicas autorizadas, tanto na superficie ocupada como na cantidade de mobiliario utilizado, deberá solicitalo no rexistro xeral do Concello ou nos demais rexistros autorizados, sempre que cumpra as previsións do artigo 40 deste Regulamento.

Artigo 34. Solicitude de autorización de ocupación da vía pública coa colocación de máquinas automáticas expendedoras ou caixeiros automáticos e outras ocupacións extraordinarias.

A solicitude de outorgamento da licenza para o uso especial da vía pública derivado de actividades que implican unha intensidade de uso superior á considerada normal referente á instalación nun local de máquinas expendedoras ou caixeiros automáticos adosados ás fachadas, deberá presentala o interesado no rexistro xeral do Concello ou a través de calquera dos medios recoñecidos, xunto coa seguinte documentación:

- a) A licenza de actividade e funcionamento do establecemento.
- b) Un plano a escala ou croquis da situación, onde se indique a ubicación da máquina expendedora ou caixeiro automático.
- c) Unha memoria explicativa na que se indique a natureza da maquinaria e a necesidade da súa colocación, así como a previsión da intensidade de uso que vai provocar na vía pública.
- d) Certificado de tesourería municipal de atoparse ao corrente das obrigas tributarias municipais.
- e) Xustificante de abono da taxa correspondente baixo réxime de autoliquidación ou certificado de exención ou bonificación se cabe.

Artigo 35. Resolución e vixencia.

Para os efectos da resolución que poña fin ao procedemento ou da falta dela, será de aplicación o previsto nesta Ordenanza.

As licenzas reguladas nesta sección outorgaranse por anos naturais, podendo ser tácitamente prorrogadas durante os anos seguintes aos da súa concesión nos termos previstos neste texto. Isto non impedirá a facultade da administración de resolver ou revogar a licenza. A falta de pagamento da taxa establecida pola ocupación da vía pública será causa de resolución da licenza.

EXTINCION DAS LICENZAS**Artigo 36. Formas de extinción.**

A licenza quedará extinguida nos seguintes casos:

- a) Por renuncia do seu titular.
- b) Por caducidade.
- c) Por resolución ou revocación.

Artigo 37. Caducidade.

As licenzas obxecto da regulación deste texto caducarán nos seguintes casos:

- a) Por falta de uso da licenza durante un prazo dun ano.
- b) Polo transcurso do prazo polo que foi concedida.

- c) Por non manter en correcto estado o solo público onde se sitúen.
- d) Por adicar o local a fins distintos dos declarados polo titular.
- e) Pola falta de pagamento das taxas derivadas do uso especial da vía pública.
- f) Por incumprir as condicións fixadas pola administración na licenza.

Artigo 38. Resolución e revocación da licenza.

A licenza quedará resolta e sen efecto cando o interesado incumpra calquera das condicións xerais derivadas desta Ordenanza, ou da normativa xeral ou específica de aplicación. Tamén no caso de que cometese algún acto que imposibilite a concesión, ou por circunstancias sobrevidas que motiven á administración para revocar os permisos concedidos.

En particular, as licenzas quedarán anuladas polo incumprimento das seguintes obrigas:

- a) Para facilitar datos falsos ou incompletos para conseguir o permiso.
- b) Destinar a licenza a un uso diferente do que constitúe o seu obxecto.
- c) Non realizar as obras que, de ser o caso, poida ordenar o Concello.

Artigo 39. Efectos da extinción.

Unha vez extinguida a licenza, o interesado terá que cumprir coas obrigas de repoñer a superficie ocupada ao seu estado anterior á concesión da autorización administrativa. No suposto de incumprir esta obriga, o Concello requirirá á persoa responsable o custo da reposición dos bens públicos danados.

RÉXIME SANCIONADOR

INFRACIÓNS

Artigo 40. Infraccións.

Serán infraccións ao disposto nesta Ordenanza as accións ou omisións contrarias ás súas disposicións.

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 41. Infraccións leves.

Cualifícanse como infraccións leves as seguintes:

- a) A instalación na vía pública dos elementos obxecto das distintas licenzas desta Ordenanza sen o preceptivo permiso municipal, con posibilidade de legalizar a situación.
- b) O deterioro leve dos elementos do mobiliario urbano anexos á superficie ocupada por calquera das actividades reguladas neste texto como consecuencia do exercicio permitido na licenza, e sen prexuízo da reposición dos danos á súa conta.
- c) A falta de conservación dos espazos exteriores ocupados ou o deterioro leve do mobiliario da terraza.
- d) A ocupación de máis superficie da autorizada en menos do 10%.
- e) Calquera acción ou omisión contraria ás disposicións desta Ordenanza non expresamente cualificada como grave ou moi grave.

Artigo 42. Infraccións graves.

Cualifícanse como infraccións graves as seguintes:

- a) A instalación de elementos na vía pública obxecto da regulación material deste texto sen posuír a preceptiva licenza municipal e sen posibilidade de legalizar a situación, por contradecir as condicións conforme ás que se conceden os permisos.
- b) A ocupación de maior superficie á autorizada en máis dun 10% e a colocación de máis mesas das autorizadas.
- c) A negativa a facilitar, a requerimento da autoridade, a licenza de instalación autorizada.
- d) Desobedecer os requirimentos legítimos que realicen os axentes da autoridade.
- e) O uso indebido da licenza concedida.
- f) O deterioro grave dos elementos do mobiliario e ornamentos anexos ou colindantes coa superficie ocupada, que se produza como consecuencia da actividade obxecto da licenza, e sen prexuízo da reposición dos danos á súa costa.
- g) No suposto de terrazas de hostelería, a colocación de envases ou calquera clase de elementos fóra da superficie autorizada. Estes elementos serán retirados polos servizos municipais á costa do titular da licenza,

se a tivese. No seu defecto, farase por conta do titular do establecemento, sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda.

h) No suposto de terrazas de hostelería, o acopio do mobiliario da terraza cando non estea en uso suxeitándoo a elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico, árbores ou instalacións públicas. Neste caso, o mobiliario poderá ser retirado polos servizos municipais por conta do titular da licenza, se a tivese. No seu defecto, farase por conta do titular do establecemento, sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda.

i) A instalación de elementos de mobiliario non autorizados nin conforme ás condicións establecidas no presente regulamento.

j) O incumprimento do horario de inicio e peche entre 30 e 60 min.

k) A produción de molestias acreditadas aos veciños, outros usuarios e/ou transesuntes derivadas do funcionamento da instalación.

l) A reiteración por dúas veces na comisión de faltas leves no prazo de dous anos. A estes efectos enténdese cometida a falta cando estea rematado o expediente sancionador na vía administrativa, con independencia do recurso contencioso-administrativo que poida interpoñerse contra a resolución sancionadora.

Artigo 43. Infraccións moi graves.

Cualifícanse como infraccións moi graves as seguintes:

a) Non desmontar as instalacións unha vez rematado o período de vixencia ou cando fose requerido polo Concello. Os elementos instalados serán retirados polos servizos municipais por conta do titular da licenza, se a tivese, ou no seu defecto, do titular do establecemento, sen prexuízo da imposición da sanción que proceda.

b) Incumplir as condicións técnicas da instalación e as dotacións fixadas na licenza.

c) O desobedecemento reiterado dos requirimentos que realicen os axentes da autoridade.

d) A reiteración por dúas veces na comisión de faltas graves no prazo de dous anos. A estes efectos enténdese cometida a falta cando estea rematado o expediente sancionador na vía administrativa, con independencia do recurso contencioso-administrativo que poida interpoñerse contra a resolución sancionadora.

e) A intalación de calquera medio de ocupación da vía pública, xa sexa por terrazas de hostelería, de máquinas automáticas expendedoras ou instalacións desmontables ou calquera outra debidamente autorizada sen ter previamente aboada por réxime de autoliquidación a correspondente taxa.

f) A carencia do seguro obrigatorio.

g) A celebración de espectáculos e actuacións non autorizados de forma expresa.

h) o incumprimento do horario de inicio e peche en máis de 60 minutos.

i) Non respetar e deixar o paso mínimo libre de obstáculos indicado nesta norma ou na correspondente licenza coa fin de facilitar a mobilidades de persoas con discapacidades físicas e/ou deficiencias visuais, carritos de bebés e a circulación de peóns. para o paso de peóns.

SANCIÓNS

Artigo 44. Sancións.

A comisión dunha infracción administrativa das tipificadas no capítulo anterior determinará, logo da instrución do correspondente procedemento sancionador, de acordo coa normativa sobre o procedemento administrativo común, a imposición das sancións sinaladas neste artigo.

As infraccións leves serán sancionadas con multa de contía variable dende 100 euros ata 300 euros.

As infraccións graves poderán implicar a revocación da licenza, no caso de que estivese concedida, e multa dende 301 euros ata 1000 euros. No suposto de que se revoque a licenza, o responsable quedará inhabilitado para obter sucesivas autorizacións, polo prazo mínimo de dous anos e máximo de cinco.

As infraccións moi graves implicarán a revocación da licenza, no caso de que estivese concedida, e multa dende 1001 euros ata 2000 euros. O responsable quedará inhabilitado para obter sucesivas autorizacións, polo prazo mínimo de dous anos e máximo de cinco.

En ningún caso a sanción será inferior ao beneficio económico que a infracción supoña para o infractor.

Para a modulación das sancións atenderase a existencia de intencionalidade manifesta, reiteración, natureza dos perxuízos causados, reincidencia e a intensidade dos danos causados a bens públicos ou as perturbacións ocasionadas aos demais usuarios da vía pública.

A imposición da sanción requerirá previa incoación e instrución do procedemento correspondente, o cal sustanciará con arreglo o disposto na lexislación xera sobre procedemento adinistrativo común e o seu regulamento e desenrolo.

A comisión dunha infracción tipificada implicará a imposición da correspondente sanción, que será independente e compatible coa legalización da instalación e co pagamento do prezo público e as recargas que procedan debido ao aproveitamento non autorizado.

Artigo 45. Competencia para impoñer as sancións.

O alcalde do Concello, ou ben o concelleiro que teña delegadas as funcións, será competente para impoñer as sancións cando procedan, logo da instrución do correspondente expediente sancionador.

Será competencia do alcalde, ou do concelleiro en quen delegue, garantir o exacto cumprimento das normas contidas nesta Ordenanza, a través dos servizos administrativos aos que se lle encomenden estas funcións e co auxilio das forzas e corpos de seguridade estatal ou autonómica en ausencia da policía local.

DEFENSA DOS CONSUMIDORES

Artigo 46. Suxeición á normativa de consumo, follas de reclamacións e lista de prezos.

Nas licenzas que teñan por obxecto a ocupación da vía pública con terrazas de hostelería, a natureza desta actividade implicará que xunto coas prescricións propias desta Ordenanza sobre o réxime sancionador, serán de aplicación tamén a normativa reguladora das infraccións e sancións en materia de defensa de consumidores e usuarios, xunta coa suxeición ao protocolo de mediación en consumo establecido no Concello que será xestionado pola OMIC.

Todos os establecementos que dispoñan dunha terraza de hostelería disporán das correspondentes follas de reclamacións normalizadas a disposición de consumidores e usuarios.

Os titulares das licenzas deberán expoñer ao público, en lugar visible, a lista de prezos e o documento mediante o que se outorga a licenza municipal.

Os titulares das licenzas deberán ter a disposición dos axentes da autoridade a licenza de ocupación da vía pública e o justificante de aboamento da taxa correspondente, co fin de poder comprobar a correspondencia entre a superficie autorizada e a realmente ocupada.

Artigo 47. Pago das multas.

O pago das sancións, tanto ordinario como anticipado, deberá facerse efectivo ante o Servizo de Recadación competente ao efecto, a través das entidades colaboradoras do mesmo.

Cando non se fixera uso da posibilidade de pago anticipado, deberán facerse efectivas dentro dos quince días hábiles seguintes á data na que a resolución sancionadora adquira firmeza na vía administrativa.

Transcorrido dito prazo sen terse efectuado o ingreso, a súa exacción levarase a cabo polo procedemento de prema, constituíndo título executivo suficiente a providencia de prema ditada ao efecto pola Tesourería da Deputación Provincial.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. Facúltase ao alcalde para actualizar por resolución motivada as contías económicas das sancións reflexadas nesta Ordenanza, debendo este acto ser obxecto de publicidade oficial.

Segunda. Nos aspectos non previstos no presente texto, será de aplicación a lexislación sectorial que corresponda, co seguimento dos procedementos administrativos instruídos pola administración competente.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. As terrazas que se atopen autorizadas no momento da entrada en vigor desta Ordenanza poderán manterse nas mesmas condicións, se teñen licenza concedida, sempre que axusten a súa ocupación ós criterios técnicos e estéticos da nova normativa, no caso de non estar adaptados outorgase dous anos dende a publicación para adaptarse a ordenanza.

Segunda. Unha vez que entre en vigor esta Ordenanza, no caso de pretender algunha ocupación de vía pública das regulamentadas neste texto, os interesados formularán as solicitudes correspondentes consonte ás disposicións desta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza derroga o resto de normas do mesmo rango deste Concello, que se opoñan, contradigan ou non desenvolvan debidamente o contido da mesma.

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o texto integro da mesma no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I
CADEIRAS**MESAS**



SOMBRILLAS/PARASOLES





ANEXO II, CATEGORIZACION RUAS

DENOMINACION	CATEGORIA
RUA COMPOSTELA	1
PRAZA DO CAMIÑO	1
RUA DE LUGO 1	1
RUA FRAGA IRIBARNE 1	1
RUA DE LUGO 2	2
RUA FRAGA IRIBARNE 2	2
AVDA DE CHANTADA	2
RUA DO MIÑO	2
RUA DO PEREGRIN	2
RUA NOVA	2
PRAZA AVIACION ESPAÑOLA	2
RUA BENIGNO QUIROGA	2
RUA DEPUTACION 1	2
RUA SANCHEZ CARRO	2
RUA CONDE DE WALDEMAR	2
RUA BOAVISTA	2
RUA DO BO CAMIÑO	2
RUA ANXEL FOLE E PROELO	2
RUA SANTA ISABEL	2
VIELA DE REASCOS	2
AVENIDA DE SARRIA	3
RUA DEPUTACION 2	3
TRAVESZIA DE GRAVANIA	3
TRAVESIA DE SANTA MARIÑA	3
RUA CASTRO	3
RUA BARCO	3
RUA BARREIRO	3
VIELA DO VALCON	3
VIELA DO PATRON	3
PRAZA DA FONTE	3
VIELA DE GANDARIÑA	3
VIELA DO PERICO	3
VIELA DO PASO	3

RUA PARADOR	3
TRAVESIA SANCHEZ CARRO	3
TRAVESIA MERCADO	3
RUA BODEGAS	3
RUA ALBARIZA	3
POLIGONO	3
RESTO	3

Portomarín, 29 de decembro de 2025.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0003

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da “ORDENANZA FISCAL TAXAS POR OCUPACION DE VIA PUBLICA COA INSTALACION MAQUINAS EXPENDEDORAS E CAIXEROS AUTOMATICOS EN FACHADA, TERRAZAS DE HOSTELERIA E OUTROS ELEMENTOS AUXILIARES, CON FINALIDADE LUCRATIVA”. A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 06 de novembro de 2025 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 259 do 11 de novembro de 2025, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

ARTIGO 4º.TARIFAS.

ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

DISPOSICIÓN FINAL

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía publica e terreos de dominio público no seu solo, subsolo e voo que a seguir se relacionan, tanto nos casos en que as utilizacións ou aproveitamentos sexan consecuencia de concesións, autorizacións ou outra forma de adxudicación por parte dos órganos competentes da Administración municipal, como nos casos en que tales utilizacións ou aproveitamentos teñan lugar sen as necesarias concesións ou autorizacións:

a) Con Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección.

b) Con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, e con máquinas para a adquisición/aluguer de películas e outros análogos, achegados ós edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

g) Calquera outro aproveitamento especial da vía pública similar os indicados anteriormente e que conceda este Concello.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza:

1) As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito imponible.

2) Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separados susceptible de imposición.

3) Os beneficiarios dun aproveitamento continuado que figuren no correspondente padrón, en tanto non presenten a baixa, aínda no caso de que cesasen no aproveitamento, mesmo cando o cesamento no dito aproveitamento se deba a causas non imputables ó contribuínte.

ARTIGO 4º.TARIFAS.

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será a que figure nos epígrafes que seguen, segundo ó tipo de aproveitamento, superficie ou lonxitude de ocupación, duración desta e categoría fiscal da rúa:

Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección.

a) Tarifa anual (ano natural), por cada m² ou fracción de terreo de uso público:

	TARIFA (€/m ² /ano)
Rúas de 1ª categoría	22,54 €
Rúas de 2ª categoría	22,35 €
Rúas de 3ª categoría	16,12 €

Caixeiro automático ou máquina expendedora en fachadas.

a) Tarifa anual (ano natural), por cada unidade:

	TARIFA (€/ano)
Rúas de 1ª categoría	356,24 €
Rúas de 2ª categoría	180,56 €
Rúas de 3ª categoría	89,06 €

No caso de que existiran toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

A superficie autorizada deberá de ser acotada polo concello mediante pequenas escuadras pintadas no chan, co obxecto de facilitar a inspección da superficie realmente utilizada.

ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.

1. A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace:

a) Cando se trate de autorización de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza ou no momento de comezar aqueles, no caso de non contar con licenza.

b) Cando se trate de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día no que se solicite a prórroga.

2. O pagamento das taxas realizarase:

a) No caso de novos aproveitamentos, no momento de autorizar a licenza, polo procedemento de autoliquidación nas oficinas de Facenda Local e depósito previo na Tesourería municipal.

b) No caso de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, ingresarase a contía correspondente ó período anual, para o que o Concello requirirá anualmente para o seu pagamento.

3. Transcorridos os prazos establecidos no punto anterior e o que fixe o Concello para pagos anuais, as taxas exaccionaranse pola vía de constrinximento.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza. Esta solicitude deberá de presentarse como mínimo con 2 meses de antelación ao inicio da ocupación nos casos de mesas e cadeiras por prazo semestral ou trimestral (data límite 28 de febreiro e 30 de abril, respectivamente).

No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as licenzas mediante poxa ou concurso conforme ó prego de condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 4 desta ordenanza.

En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/86.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán formular simultaneamente á solicitude de licenza, a declaración de lonxitude, superficie, elementos a instalar, plano de planta e todos aqueles datos que se consideren necesarios para practicar a liquidación.

3. As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e NIF ou razón social, e CIF do solicitante, enderezo e situación do aproveitamento.

4. Os servizos técnicos deste Concello informarán e liquidarán as solicitudes presentadas polos interesados e as licenzas concederanse conforme as normas vixentes no Concello en relación co tráfico, limpeza, non obstaculizar calzada e beirarrúas, seguridade e outras.

5. Ós efectos de practicar a liquidación, se o aproveitamento está situado na confluencia de varias rúas, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría fiscal superior, e se está situado en parques e xardíns públicos, aplicarase a categoría da rúa de maior categoría coa que linden.

6. Non poderá gozarse dun aproveitamento da vía pública ata que fose ingresado o importe da taxa e fose outorgada a correspondente licenza.

7. Entenderase autorizada a ocupación polo tempo que figure na licenza e no caso de aproveitamentos de duración indeterminada, mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou o interesado non presente a baixa.

8. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.

9. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial levase consigo a destrución ou estrago do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que procedese, estará obrigado a deixar en perfecto estado o dominio público empregado. A Inspección municipal acreditará este punto, e, no caso de informe negativo, o Concello realizará as obras de reconstrución ou reparación a cargo do titular e procederá ademais á imposición de sanción conforme ós artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros ós que se refire este punto.

10. O Concello procederá a liquidar de oficio as taxas que procedan como consecuencia das utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público municipal realizadas sen a correspondente autorización ou licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela, sen perxuízo do que resulte do procedemento sancionador a que puidera dar lugar a utilización privativa ou o aproveitamento especial sen licenza e sen perxuízo, tamén, das sancións que puideran impoñerse como consecuencia das infraccións tributarias a que o dito proceder puidera dar lugar.

O ingreso da cota liquidada non faculta para a utilización privativa ou para o aproveitamento especial do dominio público municipal, que só poderán ter lugar mediante as licenzas, autorizacións ou concesións outorgadas ó efecto.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza derroga o resto de normas do mesmo rango deste Concello, que se opoñan, contradigan ou non desenvolvan debidamente o contido da mesma, e entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Portomarín, 29 de decembro de 2025.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0004

Anuncio

Aprobándose definitivamente polo Pleno do Concello de Portomarin, en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 26 de Decembro de 2.025, o expediente de ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR SUMINISTRO DE AUGA A DOMICILIO con resolución expresa da reclamación presentada, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No devandito acordo adoptouse:

1.- Desestimar a alegación presentada polos motivos que se expresan no informe técnico emitido a tal efecto e as consideracións xurídicas de aplicación, das que se lle dará traslado a interesada xunto coa notificación do presente acordo.

2.- Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza Fiscal, unha vez resoltas as reclamacións presentadas polos motivos que se expresan no apartado anterior.

3.- Notificar o presente Acordo á interesada que, con indicación dos recursos pertinentes.

4.- Publicar o devandito Acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza Fiscal no BOP Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, aos efectos previstos na Lei de Facendas Locais.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Sendo o texto íntegro o seguinte:

Artigo 1.- CONCEPTO E OBXECTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Configúrase o pagamento do servizo de auga como taxa, por cumprirse no feito imponible as dúas condicións: a recepción obrigatoria para vivendas e locais en actividades que esixan o consumo de auga, e a non susceptibilidade de prestación do servizo pola iniciativa privada, por estar declarada a reserva deste servizo a favor dos concellos.

Constitúen o obxecto desta taxa os servizos reguladores na presente ordenanza, xa sexan prestados por medio de empresa concesionaria, xa directamente pola Administración municipal ou a través de servizo municipalizado.

É obrigatoria a aceptación do servizo municipal de auga e a realización da correspondente toma de acometida para os titulares dos edificios que disten en liña recta menos de 100 metros da rede de distribución do dito servizo, sempre que os edificios estean destinados a vivenda ou actividades de calquera tipo que esixan consumo de auga. O Concello mediante a prestación do servizo non garante en ningún momento unha presión mínima en calquera punto da subministración. Para lograr este mínimo necesario, o usuario deberá realizar as instalacións correspondentes para mellorar a dita presión, de acordo co establecido na Orde do 7 de xuño de 1973: "Instalacións de fontanería "NTE/IFF". Nesta normativa contéplase a instalación de bombas que en ningún caso poderán estar conectadas á rede xeral, depósitos intermedios, baterías de contadores, etc., para un correcto funcionamento das instalacións. O habitáculo que conteña a batería de contadores terá que estar en todo momento iluminado, exento de sucidade e en perfectas condicións para ser revisado pola Inspección municipal, e con fácil acceso dende o portal.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Está constituído pola utilización efectiva ou pola posibilidade de utilización do servizo, a petición do titular ou usuario dun inmovible ou, sen necesidade da dita petición, mediante resolución da Administración municipal.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire a Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, e as que sexan susceptibles de ser utilizadas temporal ou permanentemente xa sexa a título de dono ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o dono das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

3. Entenderase como vivenda susceptible de ser habitada aquela que dispoña do correspondente certificado de habitabilidade ou, no seu defecto, dos servizos que posibilitan a súa ocupación: subministración de enerxía eléctrica e redes de abastecemento de auga e saneamento, no seu caso.

4. Responderán solidariamente das obrigas do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

5. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores, ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4.- BASE DE GRAVAME

Determinase conforme á natureza do servizo concreto obxecto de gravame:

- a) Subministración de auga: os metros cúbicos consumidos efectivamente.
- b) Acometidas á rede de distribucións: segundo o número de vivendas.
- d) Resto de subministracións e actuacións.

Artigo 5.- CUOTA TRIBUTARIA

Con base no establecido no artigo 24.3 da Lei 25/1998, establécense as seguintes tarifas:

TARIFA	ACTUAL	PROPOSTA
A.- Mínimo 16 m ³	2,88 €	14,18 €
B.- De 17 m ³ a 60 m ³	0,12 €/ m ³	0,59 €/ m ³
C.- De 61 m ³ a 200 m ³	0,15 €/ m ³	0,74 €/ m ³
D.- Máis de 201 m ³	0,18 €/ m ³	0,89 €/ m ³
Dereitos de enganche na rede	30 €	147,67 €

Para calquera outro uso non especificado nas tarifas facturárase por similitude, previos os informes dos Técnicos Municipais.

Artigo 6.- DEVENGO

1. Devengo:

1.a) Por consumo de auga.

1.a.1. As cotas terán carácter trimestral e estarán obrigados ó seu pago todos os suxeitos pasivos que figuren como titulares ó comezo de cada período facturado.

1.a.2. No caso de alta, baixa ou cambio de titularidade, as cotas trimestrais resultantes ratearanse por días naturais e devengarase ó producirse a lectura do contador.

1.b) Por outras actuacións ou subministracións:

1.b.1. Devénganse no momento de aprobarse as correspondentes liquidacións individuais.

2. Cobramento das cotas:

2.1. Cando se produza unha alta nova no servizo ou un cambio de titularidade nel, formalizada mediante o correspondente contrato de subministración, ratearase a cota de aboamento por días naturais dende o día da alta ata o último día do trimestre, ambos inclusive, e facturárase o consumo real.

2.2. Cando se produza a baixa no servizo, devolverase ó usuario a fianza regulada no artigo 12 desta ordenanza, trala comprobación da inexistencia de responsabilidade derivada do uso del e dos recibos pendentes de pagamento, prorratéandose a cota de aboamento por días naturais dende o primeiro día do trimestre ata o día da baixa, ambos inclusive, e facturárase o consumo real.

2.3. Nos casos en que se detecte ou comprobe polos lectores, a existencia de consumos de auga con anterioridade á formalización do preceptivo contrato de subministro, procederase a xirar unha liquidación polo importe dos mínimos establecidos na cota de aboamento -segundo o uso doméstico ou industrial-, dende que se teña coñecemento da existencia de consumo de auga ata a data de formalización do contrato, sempre dentro do prazo de prescrición legalmente establecido.

2.4 No caso de que nun trimestre non se poida tomar a lectura do abonado, existindo contador operativo, tomarase como consumo estimado a media de consumo dos anteriores tres trimestres.

De non existir o dato anterior, facturárase nese trimestre o volume máximo de metros cúbicos sinalados para o primeiro tramo de consumo regulado nos epígrafes a) e b) do artigo 4º B.

As cotas periódicas resultantes da aplicación de taxas polo consumo de auga e aluguer de contadores serán obxecto de liquidación nun documento cobratorio único, xunto coas taxas periódicas polos servizos da rede de saneamentos e de recollida domiciliaria de lixo.

As tres exaccións sinaladas no punto 1 deste artigo serán cobradas conxuntamente nun recibo único, con especificación de conceptos, polo sistema que estableza o Concello, conforme ó previsto na Ordenanza fiscal xeral.

As reclamacións sobre a liquidación de cotas por erros de cálculo ou outros motivos efectuaranse por escrito ante o servizo, acompañando os recibos ou facturas que se presuma que conteñen o erro ou omisión.

As cotas conxuntas de auga, recollida de lixo e rede de saneamentos, que non se fixesen efectivas en período voluntario, pasaránse ó cobro en vía de constrinximento.

Pola mesma vía, como garantía e defensa do servizo público, senón se puidera efectuar a notificación persoal, por resultar descoñecido o domicilio do debedor, procederase ó corte do servizo de abastecemento de auga.

Artigo 7.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) ou pensión non contributiva, polo que se aplicará unha bonificación do 100 por cento na cota de aboamento, sempre que non excedan do consumo establecido no primeiro tramo, noutro caso pagarase polos metros cúbicos que excedan. Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

Establécese unha bonificación do 70 por cento na cota de aboamento para as familias numerosas que acrediten tal condición, e que cumpran as seguintes condicións:

a) A concesión deste beneficio terá carácter rogado polo que a súa concesión requirirá en todo caso solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta, debendo achegar o título de familia numerosa anualmente, e surtindo efecto a partir da súa concesión.

b) Que o inmovible gravado por esta taxa estea destinado a vivenda habitual do suxeito pasivo e do resto dos membros que integran a familia numerosa, polo que deberán estar empadroados todos os membros da familia neste Concello. A estes efectos o Servizo de Augas requirirá ó Servizo de Estatística informe sobre os individuos empadroados na vivenda da que se solicita a bonificación.

Artigo 8.- INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación de infraccións, tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

Ninguén poderá empregar a auga sen ter subscrito o contrato.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, as infraccións poderán ser graves e leves.

A) Será infracción grave o uso da auga procedente do Servizo municipal de Abastecemento Domiciliario de Auga, sen autorización expresa municipal, con destino a:

1) Uso da auga sen a licenza de primeira utilización ou documento que autorice o uso ou ocupación do inmovible.

2) Uso da auga con fins industriais, agrícolas ou de rega.

3) Uso da auga de obras, destinada a calquera dos anteriores fins e con defraudación, á súa vez, dos recursos municipais de recollida de lixo, rede de saneamentos e Imposto sobre bens inmovibles.

B) Serán infraccións leves o uso da auga nas vivendas ou locais sen a autorización correspondente.

As sancións que se aplicarán serán as seguintes:

1. Infracción tipificada no punto A.1 e A.2 do artigo anterior: dará lugar ó cobramento da cota, no trimestre en que sexa detectada, aplicando a tarifa do artigo 4º da presente ordenanza e unha multa de 60,10 euros, con corte da subministración.

2. Infracción tipificada no punto A.3 do artigo anterior: practicarase liquidación dende a data na que debería estar rematada a obra (segundo licenza municipal), aplicando as tarifas correspondentes ó uso por cada unha das vivendas ou locais, que estean en uso, e ata un máximo de 4 anos, con sanción de 60,10 euros, por cada vivenda ou local, procedendo ó corte da subministración.

No suposto de constatarse, mediante calquera medio de proba admitido en dereito, que o remate da obra e a súa ocupación tivo lugar antes da data máxima de remate das obras prevista na licenza municipal, a liquidación practicarase a partir do momento en que se produza a efectiva ocupación.

3. A imposición das sancións administrativas antes referidas non excluirán a esixencia doutras responsabilidades civil e penal que puideran ser de aplicación.

Artigo 9.- DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Poderase proceder ó corte da subministración da auga cando existan indicios de anormal funcionamento ou de vertidos ou perdas de auga que prexudiquen ou afecten ó funcionamento do servizo, ou cando non fixesen efectivo o pagamento de 2 trimestres.

Neste caso requirirase o pagamento dentro do prazo de DEZ DÍAS, con advertencia de que, de non facerse así, se cortará a subministración.

No suposto de reiteración de infraccións do artigo 8º, ou pola obstaculización á lectura do contador, a que fai referencia o artigo 5º, darase conta ó xulgado por desobediencia ou obstaculización do funcionamento dun servizo público.

Para o non previsto nesta ordenanza teranse en conta as disposicións da Ordenanza fiscal xeral, así como as do regulamento do servizo de augas que poida aprobar o Concello, en todo o que non se refira propiamente a materia fiscal, así como, a Ordenanza para a exacción de taxas por licenzas urbanísticas, no que poida ser aplicable respecto de acometidas, e normas concordantes dela.

Artigo 10.- DISPOSICION DEROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta Ordenanza queda derogada a anterior reguladora da taxa por suministro de auga a domicilio.

A presente Ordenanza, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ó período de cobranza, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Portomarín, 29 de decembro de 2025.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0005

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da “ORDENANZA REGULADORA DA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE PORTOMARIN”. A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 06 de novembro de 2025 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 259 do 11 de novembro de 2025, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

ARTIGO 1. OBXECTO E AMBITO DE APLICACION

1. A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación, de todas aquelas condutas e actividades dirixidas ao depósito e a recollida de residuos de competencia municipal no municipio de PORTOMARIN, con obxecto de evitar a súa xeración, e cando iso non sexa posible, facilitar por esta orde, a súa xestión mediante preparación para a reutilización, reciclado, e outras formas de valorización material ou enerxética, de forma que se reduza o seu depósito en entulleiras e así conseguir o mellor resultado ambiental global, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente.

2. No exercicio das competencias municipais, a presente Ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debendo en todo momento interpretarse e aplicarse de acordo coa citada lexislación.

3. Todas as persoas físicas ou xurídicas que depositen residuos nos medios, instalacións ou servizos habilitados para o efecto polo Concello neste municipio están obrigadas a cumprir o disposto na presente Ordenanza e nas normas que se diten para a súa interpretación ou desenvolvemento.

ARTIGO 2. REXIME XURIDICO

O réxime xurídico aplicable ás actividades e condutas reguladas nesta ordenanza estará constituído polo previsto na mesma, na lexislación estatal e autonómica aplicable na materia e na normativa europea de aplicación directa, particularmente nas seguintes disposicións e nas súas correspondentes normas de desenvolvemento ou aplicación:

- Decisión 2014/955/UE, da Comisión, do 18 de decembro de 2014, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE, sobre a lista de residuos, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Decisión de execución (UE) 2019/1885 da Comisión, do 6 de novembro de 2019, pola que se establecen normas relativas ao cálculo, a verificación e a comunicación de datos relativos á vertedura de residuos municipais de acordo coa Directiva 1999/31/CE do Consello.
- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases.
- Real Decreto 265/2021, do 13 de abril, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real Decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en entulleiras.
- Real Decreto 293/2018, do 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores.
